



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MOAÑA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “FINALIZACIÓN DO PASEO DE DOMAIO” NO DOMINIO PUBLICO PORTUARIO DE DOMAIO (MOAÑA- PONTEVEDRA)

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Moaña, o convenio arriba referenciado. O instrumento convencional ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes

Recibida en Portos de Galicia, solicitude do Concello de Moaña de solicitude de autorización para a execución da actuación “Finalización do paseo de Domaio” no dominio publico portuario de Domaio (Moaña- Pontevedra), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro municipal propoñendo autorizar as citadas obras.

2. Razóns de oportunidade

O Concello de Moaña, para dar cumprimento ás súas funcións está interesado en mellorar O Concello de Moaña, para dar cumprimento ás súas funcións está interesado en mellorar as condicións da urbanización das proximidades do centro da terceira idade de Domaio e rematar o paseo existente, conectando co acceso ao peirao.

Nas superficies afectadas pola actuación, procederase á ocupación de terreos de dominio público portuario do porto de Domaio.

Con este propósito, o Concello remítelle a Portos de Galicia unha solicitude de autorización, á que acompaña o proxecto técnico descritivo dos traballos e cos planos de ubicación denominado: “FINALIZACIÓN DO PASEO DE DOMAIO”, en base ao proxecto técnico asinado en febreiro de 2018 polo técnico municipal D. José Manuel Carballo Moldes.

Portos de Galicia ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Polo que, Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado nesta actuación.

Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso fundamentalmente aberto ao público e ao núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Moaña para a adopción conxuntamente das referidas medidas, de xeito que o Concello de Moaña execute as obras descritas no proxecto referido.





Polas consideracións anteriores, as devanditas actuacións suporán un efecto positivo tanto para o propio porto como para o contorno urbano inmediato ao mesmo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos del Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Recibida en data 2 de abril de 2019 a solución técnica do Concello de Moaña, e informe dos servizos técnicos de Portos de Galicia e recibidos en data 3 de maio de 2019 os planos indicativos da dita solución que se incorpora ao proxecto das obras obxecto deste convenio.

Xa que logo, ambas as dúas administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento, limpeza e mellora das citadas obras e formalizan o presente convenio.

En definitiva, o presente convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato.

Tendo en conta o propio fundamento do convenio, sustentado na súa finalidade de promoción de actividades de interese xeral a través da concorrencia dun acordo consonte de vontades orientado á coparticipación no desenvolvemento de determinadas actividades de interese común por ámbalas partes que os subscriben, resulta de interes proceder á celebración do presente convenio de colaboración.

3. Obxectivos que se pretenden

A finalidade común é regular a colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Moaña no que atinxe á execución en terreos de dominio público portuario de Domaio da obra “FINALIZACIÓN DO PASEO DE DOMAIO”, en base ao proxecto técnico asinado en febreiro de 2018 polo técnico municipal D. José Manuel Carballo Moldes, e a solución técnica do entronque que se reflicte no proxecto das obras e nos planos anexos a este convenio e mais o remate deste proxecto cunha senda peonil que entronque o proxectado coa beirarrúa de saída do porto cara a estrada xeral, có que se dotará ao conxunto dunha completa e axeitada mellora da seguridade vial tal e como se persigue como obxecto deste acordo.”

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Domaio (Moaña).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Publico, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
15707 – Santiago de Compostela
Teléfono: 881 950 095 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,